

Expediente núm.: 89/2024

Informe-Proposta de Resolución do Instrutor

Procedemento: Símbolos e Distincións Honoríficas

INFORME - PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEL ÓRGANO INSTRUTOR

Visto o disposto nos artigos 4 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 50.24 e 189 a 191 R.D. 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establecen que as Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, previos os trámites necesarios que se establecen neste Regulamento.

Visto o Regulamento Especial de Honras e Distincións do Concello de Paradela, aprobado definitivamente na sesión plenaria celebrada o 29 de agosto de 2001 e publicado no BOP núm. 248, do luns 29 de outubro de 2001, que no seu artigo núm. 1 establece que: “O concello de Paradela poderá conferir para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios, entre outros, título de fillo adoptivo do municipio”.

Visto que o nomeamento de Fillo Adoptivo, que recaerá en persoa física, terá a mesma consideración e xerarquía que o título de Fillo Predilecto, coa única diferenza de que se conferirá a persoas que non nacesen en Paradela, pero que, con todo, teñan un vínculo moi especial co Municipio e reúnan as condicións sinaladas no parágrafo anterior.

Visto que nomeouse a D. José Manuel Mato Díaz, como órgano instrutor designado pola Alcaldesa deste Concello.

Visto que por propia iniciativa do Concello, propúxose a posibilidade de que se nomease Fillo Adoptivo do Municipio a D. Santiago Rodríguez López, pola súa implicación na vida municipal e no desenvolvemento cultural do Concello, contribuíndo á promoción do Certame Literario «Manuel Oreste Rodríguez López», celebrado en memoria do poeta e autor galego Manuel Oreste Rodríguez López dende 1995, e difundindo, nacional e internacionalmente, o nome de Paradela.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Informe de Secretaría	01/03/2024	-
Resolución de Alcaldía de inicio	01/03/2024	-
Comunicación ao instrutor	01/03/2024	-
Comunicación ao interesado	01/03/2024	-
Memoria ou antecedentes	05/03/2024	-

Considerando que se seguiron todos os trámites previstos e necesarios e os antecedentes descritos, este órgano instrutor, no exercicio das súas facultades, formula a seguinte

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN



Concello de Paradela

PRIMEIRO. Nomear a D. Santiago Rodríguez López, pola súa implicación na vida municipal e no desenvolvemento cultural do Concello, contribuíndo á promoción do Certame Literario «Manuel Oreste Rodríguez López», celebrado en memoria do poeta e autor galego Manuel Oreste Rodríguez López dende 1995, e difundindo, nacional e internacionalmente, o nome de Paradela.

SEGUNDO. Comunicar o nomeamento ao interesado citándolle para que acuda á sesión solemne na que se procederá a entregarlle o diploma e a insignia que acreditan o título de Fillo Adoptivo do Municipio. Esta sesión celebrarase en acto público e coa maior solemnidade posible.

TERCEIRO. Inscribir no Libro Rexistro de Honras e Distincións o título concedido para que quede constancia da súa entrega.

CUARTO. Elevar esta proposta ao Concello Pleno na vindeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE